

CONTRATOS
PROGRAMA



CP **inclúe**

INCLÚE-T

CEIP DE TEIXEIRO

CURSO 23/24



**"DÍA INTERNACIONAL DAS PERSOAS
CON DISCAPACIDADE. BAIXO O MESMO
PARAUGAS"**

DATA
1º TRIMESTRE

Para celebrar o Día Internacional das Persoas con Discapacidade (3 de decembro) as actividades que se levaron a cabo foron:

- **Participación na iniciativa "Baixo o mesmo paraugas"**, na que toda a comunidade educativa do noso centro abrimos o paraugas como símbolo de reivindicación dos dereitos dunha verdadeira inclusión e igualdade para todos.
- O alumnado de 6º de EP elaborou un traballo para lembrarnos a importancia de respectar as nosas diferenzas e valorar a dignidade de cadaquén.
- Visita da asociación de persoas con diversidade funcional **AMARAI**. Nesta xornada impartiron un obradoiro navideño e explicaron ao alumnado de 3º e 4º de EP todas as actividades que realizan na asociación.
- O alumnado de 5 anos levou a cabo unha actividade de concienciación poñéndose no lugar das persoas con discapacidade visual.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdeteixeiro/taxonomy/term/127?page=2>



CEIP de TEIXEIRO

Rúa CregoBarbazán, 18
15310 Curtis (Santaia)
☎881880644 📠881880645



CONTRATOS PROGRAMA



CEIP de TEIXEIRO

Rúa CregoBarbazán, 18
15310 Curtis (Santaia)
☎881880644 📠881880645





DIA DA INFANCIA. ACTIVIDADE
SOLIDARIA

DATA
1º TRIMESTRE

Para conmemorar este día leváronse a cabo as seguintes actividades:

- **VI Carreira pola Infancia.** Unha vez máis aportamos a nosa ilusión e xunto co esforzo do alumnado, mestres, mestras e familias fixemos que este día fose especial. Ademais fíxose unha recollida de xoguetes para doar a Cáritas de Teixeiro e a ONG Equus Zebra da Coruña
- O alumnado de 6º de EP elaborou un traballo sobre os “Dereitos da infancia” adaptado con pictogramas. No que, se pinchas en cada unha das palabras, podes coñecer un pouco máis de cada dereito.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdeteixeiro/taxonomy/term/127?page=3>



CEIP de TEIXEIRO

Rúa CregoBarbazán, 18
15310 Curtis (Santaia)
☎881880644 📠881880645



25 N. DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER

DATA
1º TRIMESTRE

As actividades que se levaron a cabo foron:

○ **OBRADOIROS CIM (Concello de Curtis)**

Participación en diferentes obradoiros organizados polo CIM do concello co fin de traballar sobre a **igualdade de xénero**.

Adaptáronse todos os materiais a pictogramas, tanto das presentacións utilizadas como das actividades.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdeteixeiro/node/899>

○ **MURAI S POLA IGUALDADE**

O alumnado, por ciclos, elaborou os seus propios murais. Tamén se relacionaron as mensaxes con pictogramas, para facilitar a comprensión do traballado por parte de todo o alumnado.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdeteixeiro/node/891>



CEIP de TEIXEIRO

Rúa CregoBarbazán, 18
15310 Curtis (Santaia)
☎881880644 📠881880645





"COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN
COGAMI"

DATA
1º TRIMESTRE

Un dos obxectivos do noso centro é mellorar a accesibilidade do noso centro educativo.

Polo que contamos coa Federación COGAMI que elaborou un Plan de Accesibilidade de todo o centro educativo remarcando aquelas zonas onde se podería actuar a nivel de accesibilidade.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdeteixeiro/taxonomy/term/127?page=1>



**"PLAN DIRECTOR PARA A
CONVIVENCIA E MELLORA DA
SEGURIDADE NOS CENTROS
EDUCATIVOS DA NOSA CONTORNA"**

DATA
1º TRIMESTRE

O alumnado de 5º e 6º de Primaria recibiu unhas charlas dentro do programa *"Plan director para a convivencia e mellora da seguridade nos centros educativos e na súa contorna"*.

A temática deste programa foi a seguridade en internet, nas redes sociais, o acoso e o ciberacoso.

Foi unha charla moi importante e interesante, con moita información relevante a coñecer.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdeteixeiro/node/899>



CONTRATOS
PROGRAMA



"PROXECTO INSPIRA STEAM"

DATA
2º trimestre

Traballadoras de empresas da zona, ademáis de familiares de alumando do centro, científicas e tecnólogas, achégaronse ao colexio para impartir uns talleres baseados nas STEAM. O obxectivo é despertar o interese dos máis novos/as cara a ciencia e tecnoloxía, principalmente entre as rapazas (5 sesións). As presentacións das charlas e actividades foron adaptadas a pictogramas. As rapazas e rapaces de 6º de EP descubriron que son as STEAM grazas a Iria, Luísa e María.

O principal obxectivo é amosarlles que, aínda que contamos con poucas referencias femininas nestes ámbitos, si é posible chegar a exercer profesións relacionadas coas STEAM. Foi unha experiencia moi positiva.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdeteixeiro/node/971>



CEIP de TEIXEIRO




STEAM, sexto de Ed. Primaria

"DÍA DE ROSALÍA"

DATA
2º TRIMESTRE

Dende o noso centro homenaxeamos, como todos os anos, a **ROSALÍA DE CASTRO**. Coñecer a súa vida, os seus poemas, algunhas das súas novelas, a súa loita pola nosa lingua... Aquí aparece unha poequeña mostra dos poemas creados polo alumnado a partir dos textos da escritora.





“ DÍA DA NON VIOLENCIA E DA PAZ.”

DATA
2º TRIMESTRE

En xaneiro celebramos o Día Escolar da Non Violencia e a Paz. Procuramos que o alumnado se convertese en defensor dun bo clima escolar e para celebralo cantamos todos xuntos e bailamos a canción “Móvete” de Paco Nogueiras adaptada a Lingua de Signos.

Tamén se produciron adaptación de mensaxes, murais e carteis relacionados con este día a pictogramas.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdeteixeiro/node/918>





"8 M – DÉIXAAS VOAR LIBRES"

DATA
2º TRIMESTRE

O noso cole conmemorou o Día da Muller, entodas as súas aulas, facendo partícipe ao conxunto do alumnado nunha actividade común a todo o centro a través dun mural que ten como obxectivo conmemorar o día da igualdade efectiva entre muller e homes.

Esta actividade, á súa vez, enlazouse coa semana da prensa. Como resultado disto creouse no centro o xornal inclusivo.





CEIP de TEIXEIRO

Rúa CregoBarbazán, 18
15310 Curtis (Santaia)
☎881880644 📠881880645



Terceiro e cuarto de Primaria. Retratos coas mulleres máis especiais na nosa vida e mural con xornais.

8 M: día internacional da muller

Nestas novas deixámosvos o conxunto de propostas que todas as aulas do centro fomos realizando para conmemorar un día tan importante coma este. Ademais, vinculámolo coa semana da prensa, coa que tamén fixemos distintos tipos de actividades. Presta atención



Algunhas das nosas bolboretas. Son símbolo da igualdade e liberdade onde cada nena ou nena coloreou a súa.



Segundo de Primaria. A exposición de "As mulleres da miña vida", xunto co mural con mulleres da historia. Empregamos os robots e a competencia STEM



Sexto de Primaria. A campaña de Vacina pola Igualdade chega a este curso. Traballamos coa igualdade (desinfectantes da desigualdade, xirinos)



Quinto de Infantil. Texto de prueba para una información para la portada de Faro da Escola para portada para ver como

Deixamos voar a nosa imaxinación

Son moitas as actividades que realizamos para conmemorar o 8 de marzo, unha data moi sinalada que é preciso que sexa tratada. Dende exercicios de investigación ata campañas sanitarias, dende elaborar cartaces ata traballar coa robótica... Pluralidade en igualdade.



Cuarto de Infantil. Temos claro que unha das mulleres das nosas vidas son as nais, de aí que lles dedicamos un cartaz.



Segundo de Infantil. Aproveitando a semana da prensa fixemos uns prismáticos coas mulleres especiais; e que ben se ve por eles: valores e emocións



Primeiro de Primaria. Somos conscientes de que o futuro debe ser en igualdade, e é por iso polo que buscamos as palabras claves que acerca da



CEIP de TEIXEIRO



A semana da prensa tamén estivo presente nas nosas producións

Destinamos moitas das nosas actividades a traballar coa prensa; é unha actividade diaria que realizamos durante todo o curso, pero que traballamos con especial inquietude nesta época. Ademais, coñecemos as múltiples funcións que lle podemos sacar á prensa, dende murais, ata análise de noticias, busca de tipos de palabras, empregala para actividades artísticas, etc.

ARCHIVO

Centro de Primaria. A análise dos datos das "Nosas mulleres" foi esencial nesta actividade. Seleccionamos así diferentes referentes femininos de mulleres que destacan ou destacaron no mundo do deporte, da música, da cultura galega... E incluímos no recurso dixital de Padlet.



NOME DA ACTIVIDADE:
"DÍA DAS LETRAS GALEGAS"

DATA
3º TRIMESTRE

Entre as actividades realizadas, dentro do programa InlueT tempos Elaboración dun Refraneiro Inclusivo no que participou o alumnado e o profesorado.

Colaboración dos Nossos Maiores do Centro de día de Curtis a Asociación Faragullas e familias na participaron na nosa foliada.

Adaptación de contidos e realización de diferentes actividades con pictogramas da vida de Luisa Villalta.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdeteixeiro/node/934>





CEIP de TEIXEIRO

Rúa CregoBarbazán, 18
15310 Curtis (Santaia)
☎881880644 📠881880645



CONTRATOS
PROGRAMA



CPinclúe




CEIP de TEIXEIRO

Rúa CregoBarbazán, 18
15310 Curtis (Santaia)
☎881880644 📠881880645


XANEIRO

O REFRANEIRO DE TEIXEIRO

EN XANEIRO ABRIGATE BEN



PON SOBRO E LUVAS TAMÉN



FEBREIRO

O REFRANEIRO DE TEIXEIRO


HAI QUE VER! XA CHEGOU FEBREIRO

É BOA ÉPOCA PARA TOCAR O PANDEIRO



CARAITAS, FELIÑS, MASCARAS E PELIQUEROS

TODO ISTO CELEBRAMOS NO MES DE FEBREIRO



MARZO

O REFRANEIRO DE TEIXEIRO

MARZO, MARCEIRO CHEGOU O CAITEIRO PARA ANIMAR A TODO TEIXEIRO




E COMO EN MARZO RENHA O INVERNO PONTE A BAIXAR PRA NON R O INVERNO




ABRIL

O REFRANEIRO DE TEIXEIRO

En abril traen saúdes e calentóns



No mes de abril as marceiras veem en abría



MAIO

O REFRANEIRO DE TEIXEIRO

Chega maio para aprender, que a nosa lingua debemos defender.




En maio tamén xogamos, cantamos e bailamos.




XUÑO

O REFRANEIRO DE TEIXEIRO

En Teixeira, o 23 de xuño, sardiñas e pan no bandullo.



Como xuño até a chegar, o verán vai comezar.



XULLO

O REFRANEIRO DE TEIXEIRO

En Xullo as festas son unha
Marabilla




En xullo o buñador e chapuzón



AGOSTO

O REFRANEIRO DE TEIXEIRO

En agosto agosto prende o lume no campo.




En agosto sabroso teno o pé moi caluroso.



SETEMBRO

O REFRANEIRO DE TEIXEIRO

Xa chegou o mes de setembro
hai que sacar a machila do trasteiro.



En setembro, marchamos do colexio
Nin gana teno, Nin inglés aprendo.



OUTUBRO

O REFRANEIRO DE TEIXEIRO

Canto medo! Que alá se alagra o ferreiro,
follas, aire e lume para o mundo enteiro.




En Teixeiro, o medo posar pola rúa,
dende Paradela e con dirección cara á lúa.



NOVEMBRO

O REFRANEIRO DE TEIXEIRO

En novembro, co frío e co vento,
pola beira da rúa, felicidade e aburrimento.




En Teixeiro hai moito medo,
o lume... Dende Recareo ata o Penedo.




DECEMBRO

O REFRANEIRO DE TEIXEIRO

En decembro, na coxina de leña,
agardando a que o Apalpador veña.



Moita festa e moita comida para os aninvos darlle a benvida.





**"ALGO ESTÁ PASANDO NO CEIP DE
TEIXEIRO: CHEGOU A LUZ NEGRA"**

DATA
3º TRIMESTRE

Na búsqueda de experiencias innovadoras e actividades que favorezan a inclusión chegou ao noso centro a luz negra.

A través deste recurso conseguimos ilusionar ao noso alumnado, permitímoslle experimentar con un novo recurso e xeramos situación de aprendizaxe novidosas.

Con este material realizáronse diferentes actividades puideron gozar e experimentar cos sentidos da vista, tacto, oído e olfato. Tamén se realizaron dinámicas onde se incluíron actividades de lectoescritura, actividades de expresión escrita e lectura de contos. Ademáis tamén se potenciou a imaxinación e a creación de historias, o manexo de destrezas matemáticas e o respecto polos iguais.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdeteixeiro/node/967>



CEIP de TEIXEIRO

Rúa Grego Barbazán, 18
15310 Curtis (Santaia)
☎881880644 📠881880645





"DÍA DO LIBRO"

DATA
3º TRIMESTRE

Dende a biblioteca do centro propúxose a actividade "E TI ONDE LES?", a cal trouxo aos nosos corredores numerosas fotos do alumnado disfrutando da lectura dun libro en lugares sorprendentes.

Tamén se prodeceu á adaptación da información a pictogramas para as familias e adaptación do cartel onde se colocaron todas as fotos.

Traballouse en colaboración co equipo de biblioteca para colocar como suxerencias para o alumnado títulos de lectura fácil, de lectura global ou de lectura fácil

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdeteixeiro/node/951>



**23 de Abril
DÍA DO LIBRO**



Hoxe atopamos na mesa da biblioteca unha nota do crocodilo Drilo. Para celebrar unha data tan especial proponnos unha actividade ben fermosa.

ANÍMATE A PARTICIPAR!!!

E ti, onde les?



Encantaríame recibir unha **foto** túa lendo nun lugar inusual, especial para ti, diferente...Pídelle a alguén que coñezas que che faga a foto nun lugar que nos sorprenda ou que che agrade.

Podes saír só/soa ou acompañado/a .

Se é posible imprímea e traina ao cole para que a poidamos expoñer e compartir cos teus compañeiros/as.

PASOS A SEGUIR

- 1º.Facer a foto lendo.
- 2º. Enviala por correo a: auladaproferaque@gmail.com
- 3º. Imprimila. Tamaño máximo de medio folio. Se non a podes imprimir avísanos por correo e xa o facemos nós.
- 4º Data límite: venres 26 de abril. Se as enviades antes, xenial!

MOITAS GRAZAS POR PARTICIPAR!



NOME DA ACTIVIDADE:
"DÍA DO ACOSO ESCOLAR"

DATA
3º TRIMESTRE

O día do acoso traballouse levando a cabo unha actividade na que o alumnado de 6º de E.P. foi o encargado de preparar a lectura e actividades con dous libros: o de "Invisible" (para o alumnado de 2º a 5º) e o de "Las jirafas no pueden bailar" (para E.I. e 1º de E.P.).

O día 2 de maio, e por grupos, os máis maiores do cole foron a realizar as lecturas na hora de ler ás diferentes aulas e posteriormente realizaron unha actividade vinculada con eses contos; todo isto de forma autónoma.

No caso de infantil e 1º pintaron unha xirafa en cada un dos grupos-clase e, os grupos aos que se lles leu o libro de Invisible, debuxaron nunha gota de cartolina, unha situación na que se representara unha situación a favor da mellora da convivencia.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdeteixeiro/node/952>



CEIP de TEIXEIRO

Rúa CregoBarbazán, 18
15310 Curtis (Santaia)
☎881880644 📠881880645





**"TALLER DE COCIÑA: COCIÑAMOS
MADALENAS"**

DATA
3º TRIMESTRE

As inclusión tamén se pode traballar a través da cociña. Cociñar un plato implica respecto, espera, cooperación, respecto de normas, organización, etc. Valores que no noso centro son fundamentais e procuramos transmitir ao alumando ao longo do curso.

É por iso que se levou a cabo un taller de cociña para o alumnado, onde experimentaron coas diferentes texturas e sabores dos alimentos. Ao mesmo tempo, colaboraron na elaboración dun produto conxuntamente e gozaron creando algo que logo compartirían coas súas familias. cociñaron unhas madalenas.

Para levar a cabo esta actividade elaboraron a lista da compra, compraron no supermercado da vila e, finalmente, deste xeito, implicouse a toda a comunidade e fíxose consciente ao alumnado das posibilidades da súa contorna.



CEIP de TEIXEIRO

Rúa CregoBarbazán, 18
15310 Curtis (Santaia)
☎881880644 📠881880645





"OBRADOIRO TROUPELEAR"

DATA
3º TRIMESTRE

Este curso coñecemos a Branca Villares e Pablo Pintor, dous músicos que trouxeron toda a súa arte á nosa escola. Con eles aprendemos a respectar, a colaborar e a disfrutar da música en galego.

Dentro deste programa de innovación enmarcamos o "Obradoiro de música tradicional" de Troupelear **no que se traballaron contidos musicais a través do movemento e a oralidade, co alumnado de Educación Infantil e 1º ciclo (1º e 2º de EP)**

Foi unha actividade moi ben recibida e moi divertida para o alumnado e profesorado participante. Agardamos que se poida ampliar a outros

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdeteixeiro/node/961>





"AULA SENSORIAL"

DATA
3º TRIMESTRE

Algunhas das actividades levadas a cabo dentro da aula sensorial do centro foron relacionadas cos sentidos. Así temos:

- Tacto (bandexas sensoriais con diferentes texturas, pompas de xabón, ..)
- Oído (ovos sonoros, pao de choiva,)
- Vista (mesa de luz, proxector do espazo...)
- Olfato (xogos con diferentes olores...)

Outras moitas relacionáronse con:

- De relaxación
- De experimentación: bandexas sensoriais, plantar unha planta... , etc.
- Luz negra



CEIP de TEIXEIRO

Rúa CregoBarbazán, 18
15310 Curtis (Santaia)
☎881880644 📠881880645





"FESTA DE FIN DE CURSO"

DATA
3º TRIMESTRE

O día 21 de xuño celebramos o fin de curso dunha forma especial.

Decidimos traballar en relación coa temática do centro (EmocioArte) e organizamos diferentes talleres, concretamente sete estacións diferentes, todas elas sinalizadas con pictogramas.

1. Obradoiro de luz negra
2. Disfraces/tatoos
3. Corto emocións
4. Percusión corporal
5. "Arte coa natureza"
6. Xogos tradicionais
7. Baile e danza
8. Cantina con tickets para consumicións.







"APOIOS TÉCNICOS PARA O ALUMNADO"

DATA
TODO O CURSO

Unha das necesidades observadas no noso centro foi a importancia de prever, compensar e facilitar a aprendizaxe do noso alumnado sexan cales sexan as súas características.

Deste xeito, ao longo do curso, foise dotando ao alumnado de axudas técnicas que facilitasen o seu proceso de ensino-aprendizaxe, de forma que asegurasen dita aprendizaxe e mellorasen o proceso educativo.





"PUNTO LARANXA"

DATA
3º TRIMESTRE

A partir da creación do punto laranxa no noso centro, adaptouse este espazo a todo o alumnado, da seguinte maneira:

-Proporcionouselles aos membros da comunidade educativa dossiers informativos en lectura fácil e con pictogramas, a fin de que estes puidieran ser consultados polo alumnado.

-Dotouse ao punto laranxa de información visual coa axuda de pictogramas.

-Explicación nas aulas por parte da coordinadora de benestar desta ferramenta.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdeteixeiro/node/940>

